

PRESERVAR O PODER DE COMPRA DOS SALARIOS E UN FORTE ESCUDO SOCIAL SON AS CLAVES. UGT-GALICIA ADVIRTE QUE VAI ESTAR VIXIANTE PARA QUE O NOVO EXECUTIVO CENTRAL QUE SE CONFORME NON DESARTICULE O PARAUGAS DE MEDIDAS SOCIAIS E PÍDELLE Á XUNTA QUE SEXA MÁIS INCISIVA NESTA MATERIA PARA EVITAR QUE NOS VINDEIROS ANOS OS DATOS EMPEOREN

MÁIS DE 630.000 PERSOAS ESTÁN EN GALICIA EN RISCO DE POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL, CASE A CUARTA PARTE DA POBOACIÓN

Case 200.000 persoas viven en Galicia en fogares con baixa intensidade no traballo

Redacción.- Segundo os últimos datos ofrecidos polo INE, pechados a 2022, da poboación total de Galicia, 2.690.464 persoas, case a cuarta parte, 634.950 persoas, viven en risco de pobreza ou exclusión social. Paliar esta situación pasa, necesariamente por preservar o poder de compra dos salarios e garantir por parte das administracións un forte escudo social. Se ben é certo que as medidas do Executivo en funcións amortiguaron a subida desbocada da inflación, non chegando a día de hoxe ao 2%, non se pode esquecer que a taxa subxacente continúa en case un 6%. Por outra banda, UGT-Galicia insiste en que existe un acordo en materia de negociación colectiva formulado para garantir o poder de compra dos traballadores e traballadoras pero que as empresas o teñen que aplicar. Ademais, a posta en marcha de políticas sociais ambiciosas en todos os niveis das administracións é fundamental para cubrir as necesidades daquelas persoas e familias que teñen dificultades. Neste senso, UGT-Galicia insiste en que vai estar vixiante para que o novo Executivo central que se configure tras as eleccións non desarticule o paraugas de medidas sociais establecidas e insta ao Goberno da Xunta a que sexa máis incisivo nesta materia. O contrario, podería supoñer que estes indicadores se dispararen e, polo tanto, se creen grandes bolsas de desigualdade e medre a inxustiza social.

Neste contexto, coñecer a realidade dos fogares galegos pasa por analizar cales son as súas condicións de vida e con que medios contan para afrontar o seu día a día.

Segundo os últimos datos que facilita o Instituto Nacional de Estatística, pechados a 2022, a fractura social e a vul-



nerabilidade para a poboación galega continúa.

Segundo a taxa AROPE, un 23,6% da poboación galega, 634.950 persoas, están en situación de risco de pobreza ou exclusión social, é dicir, case a cuarta parte da poboación galega está en situación de vulnerabilidade.

Esta taxa derívase dun 9,5% das persoas residentes en fogares que rexistran unha baixa intensidade de traballo (188.844 persoas) e do 18% da poboación que está en risco de pobreza (484.284 galegos e galegas). Sen esquecer ao 6,3% da poboación galega (169.499 persoas) que está nunha situación de carencia material e social severa.

Se ben a situación mellorou lixeiramente en relación a anos precedentes, UGT-Galicia insiste en que no se pode baixar a garda e hai que seguir implementando medidas destinadas a fortalecer o escudo social

En relación a anos precedentes, a situación mellorou lixeiramente. A taxa de risco de pobreza ou exclusión social é do 23,6, mentres que no 2021 era do 25,2. A taxa de risco de pobreza foi do 18% no 2022, fronte ao 20,2% do ano anterior, aínda que afastada do 15,4 que se rexistraba no 2014. Sen embargo, o que si subiu foi a taxa de carencia material e social severa ao 6,3%. Estaba esta última no 2021 no 6,2% pero é que no 2020 era do 3,2%. A porcentaxe de poboación (entre 0 e 64 anos) que vivía en Galicia en fogares con baixa intensidade no traballo foi no 2022 de 9,5 puntos, fronte aos 10,2 de 2021. Detrás desta leve mellora, de seguro, que están moitas das medidas postas en marcha que crearon un escudo social. Agora, co novo Executivo que se configure tras as eleccións, UGT-Galicia vai estar vixiante para que se continúe e traballar nunha senda de protección, co fin de garantir unha sociedade máis xusta. Neste senso, o Sindicato tamén lle esixe á Xunta que sexa máis incisiva nesta materia para evitar que os datos en Galicia empeoren nos vindeiros exercicios.

Galicia	2022
Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (indicador AROPE)	23,6
En risco de pobreza (renda ano anterior á enquisa)	18
Con carencia material e social severa	6,3
Baixa intensidade no traballo	9,5

A poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela nalgunha destas situacións:
-En risco de pobreza (60% mediana dos ingresos por unidade de consumo). -En carencia material e social severa (con carencia en alomenos 7 conceptos dunha lista de 13 (Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana. Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe, Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada. Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos. Tivo atrasos no pago de gastos relacionados co ou alugueiro, recibos de gas, comunidade... ou en compras, non pode permitirse dispoñer dun automóbil, etc.)

- En fogares sen emprego ou con baixa intensidade no emprego (Son os fogares nos que os seus membros en idade de traballar (persoas de 18 a 64 anos, excluíndo os estudantes de 18 a 24 anos, os xubilados ou retirados, así como as persoas inactivas entre 60 e 64 cuxa fonte principal de ingresos do fogar sexan as pensións) fixérono menos do 20% do total do seu potencial de traballo durante o ano de referencia. Esta variable non se aplica no caso das persoas de 65 e máis anos).Fonte: INE – Enquisa de condicións de vida

Tanto a renda media por fogar como por persoa é inferior en Galicia

Un das variables que vai marcar as condicións de vida é evidentemente o nivel de ingresos. Neste senso, preguntámonos como é a renda dos galegos?. Segundo a Enquisa de condicións de vida do INE do ano 2022, os galegos e galegas teñen unha renda media por fogar de 29.616 euros, por debaixo dos 32.216 do resto do Estado. E unha renda media por persoa de 12.352 euros ao ano, tamén inferior á media estatal que é de 13.008.

O 16,5% dos traballadores e traballadoras pode considerarse pobre, a pesar de ter emprego

O nivel de ingresos é unha das variables deste quebracabezas que sempre debe terse en conta porque ter un emprego non é garantía de escapar á pobreza ou exclusión social. De feito, o 16,5% dos traballadores e traballadoras pode considerarse pobre, a pesar de ter emprego, dato estatal porque non existe a nivel de comunidades autónomas.

En Galicia o 70% das pensións son inferiores ao SMI e case 150.000 baixan dos 500 euros

E isto agrávase aínda máis para aqueles que están en situación de desemprego, cunha taxa de cobertura do 65,19%. Pero é que deste total, 76.573, tan só o 43,7% son prestacións contributivas e o resto son prestacións con contías moito máis limitadas, 38.541 subsidios e 4.596 RAI. Tam-

pouco é fácil a situación para os pensionistas galegos, aínda que hai que recoñecer que o Acordo de pensións mellorou a súa situación. En Galicia o 69,4% das pensións (535.229) son inferiores aos 1.080 euros ao mes (SMI) e esta porcentaxe sobe ata o 82,07% no caso das mulleres. Pero é que 146.456 pensións son inferiores aos 500 euros, o que os sitúa nunha situación de especial complexidade para chegar a fin de mes.

UGT-Galicia insiste na necesidade de cumprir o AENC e adecuar os salarios ao custe da vida

Xa que, á vista dos datos, o emprego xa non é suficiente para garantir unha vida digna, urxe subir os salarios conforme ao custe da vida, é dicir, hai que negociar os convenios segundo o establecido no AENC e, polo tanto, garantir as cláusulas de revisión salarial para evitar a perda de poder adquisitivo das persoas traballadoras.

Como sociedade, non podemos conformarnos con que a cuarta parte da poboación viva en risco de exclusión social ou pobreza, mentres as empresas de sectores enerxéticos e doutros aumentan os seus beneficios e especulan cos prezos

UGT-Galicia considera que, como sociedade, non podemos conformarnos con que a cuarta parte dos galegos e galegas vivan en situación de risco de pobreza ou exclusión social, mentres obsérvase o aumento excesivo das marxes das empresas de sectores enerxéticos e doutros que aproveitan a actual conxuntura para especular e elevar os seus beneficios.

Medrar salarios, seguir na senda do incremento do SMI, actualizar as pensións, fortalecer o escudo social e actuar ante o comportamento especulativo de determinados sectores e empresas

Para UGT-Galicia, a receita é clara e sinxela, os salarios teñen que medrar na mesma medida que o fan os prezos, polo que hai que garantir as cláusulas de revisión salarial; para protexer ao colectivo de traballadores máis vulnerables, é imprescindible facer unha aposta decidida por seguir incrementando o SMI, cuxas recentes subas xa lograron unha mellora das condicións de vida das persoas con rendas máis baixas e unha redución das desigualdades e hai que seguir nesta senda; non pode ser tema de discusión a actualización das pensións conforme ao IPC, hai que garantir esta suba; e as administracións deben traballar por fortalecer o escudo social que protexa aos máis vulnerables. O Sindicato tamén lle pide ao Goberno unha vixilancia máis contundente do comportamento especulativo doutros sectores responsables da espiral inflacionista, impulsando maior competencia, fixando prezos máximos e establecendo sancións disuasorias para os especuladores.

UGT lembra que manter a demanda e, polo tanto, o crecemento económico, pasa porque o conxunto da cidadanía teña capacidade adquisitiva suficiente.

	2022	2021	2020	2019	2018	2017	2016	2015	2014
Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Indicador AROPE)	23,6	25,2	25,3	24,2	24,1	23,0	25,3	24,9	23,7
En risco de pobreza (renda ano anterior á entrevista)	18	20,2	22,1	20,0	18,8	18,7	19,0	19,4	15,4
Con carencia material e social severa	6,3	6,2	3,2	5,4	6,1	3,2	4,9	3,9	6,6
Persoas residindo en fogares con Baixa intensidade no traballo (de 0 a 64 años)	9,5	10,2	8,7	11,9	11,0	11,8	13,3	13,7	14,1

UGT, 135 ANOS DE LOITA POR AVANZAR EN DEREITOS

O sindicato celebrou este 12 de agosto, os seus 135 anos de loita para conseguir unha sociedade máis xusta e igualitaria

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores, con motivo dos seus 135 aniversarios, volve conmemorar a acción sindical e a loita obreira para preservar as conquistas sociais e avanzar en dereitos.

A nosa organización, o sindicato máis lonxevo de España e o segundo do mundo, afronta un ano máis os retos para conseguir que se respecten os dereitos laborais e os dereitos fundamentais, ameazados polos partidos de extrema dereita en España e en Europa. Fronte a esta ameaza, o sindicato reclama o establecemento dun cordón ideolóxico fronte aos que fomentan a intolerancia e os discursos do odio e os que se serven da Democracia, pero non cren nela.

UGT defende diante a imposición, diálogo;diante os recortes, mobilizacións;

e diante da involución, xustiza social e igualdade.

O sindicato seguirá defendendo a revalorización das pensións conforme ao IPC; blindar por lei o Salario Mínimo Interprofesional (para que sempre alcance o 60% do salario medio); avanzar en empregos estables e de calidade, en salarios dignos; seguir impulsando a redistribución da riqueza (cunha negociación colectiva forte e equilibrada) e unha política fiscal progresista e equitativa (onde cada un pague en función do que ten) e medidas que fortalezan o noso modelo de protección e benestar social.

Trátase, en definitiva, de avanzar cara a un país máis democrático, máis solidario e sostible e, aproveitar os fon-



dos europeos para acometer novos avances que sitúen a España na vangarda da economía mundial, pero en base a máis e mellores dereitos laborais e sociais.

Hai que fomentar a nosa industria, diversificar e mellorar o sector turístico, impulsar a I+D+i, a formación profesional e permanente, impulsar uns servizos públicos de calidade, desenvolver políticas que prioricen as necesidades das persoas e traballar por modelo produtivo máis igualitario, no que se erradique a desigualdade e a pobreza.

AS MULLERES TARDAN 3 ANOS E 9 MESES MÁIS DE MEDIA QUE OS HOMES EN ADQUIRIR UNHA VIVENDA

A brecha salarial tamén se traslada á vivenda e as mulleres traballadoras en España, tardan de media tres anos e 9 meses máis que o homes en adquirila, cifra que se agrava segundo o sector de actividade e a Comunidade Autónoma na que se resida

Redacción.- As traballadoras españolas téñeno máis difícil que os homes traballadores para adquirir unha vivenda digna, un dereito recoñecido no artigo 47 da Constitución Española. Con todo, non sempre se dan as condicións para cumprir con ese dereito: inflúen os salarios, o tipo de contrato que se teña, onde se resida e en que sector trabállese. E as mulleres, con salarios máis baixos e peores contratos, en xeral, teñen as de perder.

Así se unha muller e un home que traballan destinasen, en solitario, un 30% do seu salario bruto a adquirir unha vivenda: a muller tardaría de media tres anos e nove meses máis que o home. Unha cifra que varía segundo o tipo de actividade na que se traballa e segundo a Comunidade Autónoma na que se resida. Un cálculo que se realiza tendo en conta os últimos salarios medios brutos desagregados por sexo que coñecemos, correspondentes a 2021 (facilitados polo Instituto Nacional de Estadística, a través da Enquisa Anual de Estrutura Salarial) e os prezos medios para vivenda nova e de segunda man que recolle o INE para leste mesmo ano.

Por Comunidades, Murcia é onde se

produce maior brecha de xénero en materia de vivenda e a Comunidade de Canarias, onde menor brecha dáse

O sector no traballamos e a diferenza salarial tamén inflúe. Así, a pinza oscila de 9 anos máis en actividades administrativas e servizos auxiliares a case 5 anos en Actividades profesionais, científicas e técnicas.

O traballo a tempo parcial, un obstáculo no acceso á vivenda

Por outra banda, traballar a tempo parcial dificulta o acceso a unha vivenda en solitario. En España dous millóns de mulleres e algo máis de medio millón de homes traballan con este tipo de xornada laboral. Para facer fronte ao prezo da vivenda, atópanse #ante unha dobre tesitura ou viven en condicións ínfimas ou están abocadas a depender doutra persoa .

A realidade é que moitos mozos con este tipo de contratos están a prolongar



durante anos o aloxamento en pisos compartidos de alugueiro, a prezos mesmo máis altos do que pode custar unha cota mensual dunha hipoteca.

UGT considera que hai que seguir incidindo na estabilidade laboral, avanzar na subida do Salario Mínimo Interprofesional, e garantir contratos a tempo parcial voluntarios, e con condicións salariais adecuadas (que pode ser a metade máis un 10 % do SMI a xornada completa) Así mesmo, esixe cumprir cos preceptos constitucionais dun traballo e unha vivenda digna